



**GALICIA
ESCENA
PRO**

DO 3 AO 6 DE NOVEMBRO 2015

SANTIAGO DE

COMPOSTELA

SALÓN TEATRO

TEATRO PRINCIPAL

FUNDACIÓN SGAE

AUDITORIO ABANCA

XUNTA DE GALICIA



DEPÓSITO LEGAL: C 1951-2015

.....
DESEÑO GRÁFICO: LE GRÁFICA

.....
IMPRESO EN GRÁFICAS GARABAL



MARTES 3

MÉRCORES 4

<p>SALÓN TEATRO</p>	<p>10 h Seminario "Estratexias dixitais para compañías de artes escénicas", a cargo de Pepe Zapata</p>	<p>11 h II Encontros COFAE co sector</p>
<p>MUSEO FUNDACIÓN EUGENIO GRANELL</p>		
<p>FUNDACIÓN SGAE</p>	<p>SALA 1 11.45 h Feo! CARAMUXO TEATRO Infantil 40 minutos</p> <p>SALA 2 13 h Jim e a Illa do Tesouro EME2 EMOCIÓN&ARTE Infantil 55 minutos</p> <p>14.30 h Encontro asistentes a Galicia Escena Pro</p>	<p>SALA 1 10 h Don Quixote, unha comedia gastronómica LIMIAR TEATRO Infantil 50 minutos</p> <p>SALA 2 11.15 h Luppo BAOBAB TEATRO Infantil 50 minutos</p>
<p>SALÓN TEATRO</p>		<p>13 h SHOWCASES (1 hora 40 minutos) Non toques os meus círculos ARTELLO TEATRO Xurdefet BERROBAMBÁN Manawee MATRIOSHKKA TEATRO Baraka MAGO XACOBÉ</p> <p>14.45 h Encontro asistentes a Galicia Escena Pro</p>
<p>AUDITORIO ABANCA</p>	<p>17.30 h Noiteboa REDRUM TEATRO 80 minutos</p>	<p>17.30 h AIREnoAR AIREnoAR 50 minutos</p>
<p>TEATRO PRINCIPAL</p>	<p>19 h Calypso VOADORA 70 minutos</p>	<p>19 h Ensaio sobre a cegueira SARABELA TEATRO 90 minutos</p>
<p>SALÓN TEATRO</p>	<p>22 h SHOWCASES (2 horas 30 minutos)</p> <p>Ulises e a nena durmida ÁNXELA BLANCO ZUGUNRUHE ARTESACÍA Os amos do mundo BUCANERO STRPTS//Episodio 1: Mirlo e Rula COLECTIVO CINEMASTICADO O furancho IBUPROFENO TEATRO Abrente NOVA GALEGA DE DANZA</p>	<p>22 h Unhas poucas picadelas TEATRO DE NINGURES 75 minutos</p>

ESTREA

ESTREA

XOVES 5

VENRES 6

10 h | Asemblea xeral da Rede
Galega de Teatros e Auditorios

11.30 h | Presentacións de proxectos
escénicos en formato *pitching*

SALA 1

11 h | *Peer Gynt* |
VIRAVOLTA TÍTERES
Infantil | 50 minutos

SALA 2

12.15 h | *Panamericana* |
A PANADARÍA
65 minutos

13.30 h | Encontro asistentes a
Galicia Escena Pro

17.30 h | *Xoga* | ENTREMANS
Infantil | 50 minutos

19 h | *O principio de Arquímedes* |
TEATRO DO ATLÁNTICO
80 minutos

22 h | *Presidente* | TEATRO DO
MORCEGO
80 minutos

00.00 h | *Baladas da Galiza imaxinaria*,
concerto de **Uxia** e **Narf** na Casa das Crechas

**GALICIA
ESCENA
PRO**

**DO 3 AO 6 DE NOVENBRO 2015
SANTIAGO DE
COMPOSTELA**

Seminario "Estratexias dixitais para compañías de artes escénicas"

**MARTES 3 | BIBLIOTECA DO SALÓN
TEATRO | De 10 a 13 h**

Imparte: Pepe Zapata, socio e consultor de TekneCultura

Organiza: COFAE, Coordinadora de Ferias de Artes Escénicas del Estado Español

Internet, webs, blogs, redes sociais... transformaron radicalmente a forma de comunicarnos, especialmente cos nosos públicos. O doado acceso á información facilita que todos formemos parte desa gran conversación. E este novo paradigma da forma de comunicarnos afecta á forma de comprender cales son as necesidades dos nosos seguidores, á estruturación dos nosos contidos e á maneira de conseguir a súa conexión e participación.

Esta nova realidade obriga a un esforzo por entender cal debe ser a nosa estratexia dixital, por adecuala aos nosos obxectivos e por optimizar os sistemas de medición dos seus resultados.

Os inscritos neste seminario, destinado a persoal de mercadotecnia e comunicación das entidades vinculadas ás artes escénicas, poden aplicar de maneira inmediata, con criterios estratéxicos, ferramentas e técnicas para optimizar a estratexia de comunicación, a través das redes sociais, sobre a presentación de proxectos e modelos de venda, buscando captar a atención e o interese do posible comprador.

II encontros COFAE co sector*

**MÉRCORES | BIBLIOTECA DO SALÓN
TEATRO | 11 h**

Organiza: COFAE, Coordinadora de Ferias de Artes Escénicas del Estado Español

(*): Encontros non abertos ao público

Segunda edición dos encontros co sector das artes escénicas do Estado español co obxectivo de coñecer as novas necesidades e problemáticas que afectan ao sector e realizar unha análise comparativa entre a situación das feiras no ano 2008 e a actual.

Que mudou dende aquela?, escoitamos as necesidades do sector?, imos polo bo camiño?... son algunhas preguntas de partida destes encontros.

Colabora:

cofae

CONSEJO REGULADOR DE LAS FERIAS DE ARTE ESCÉNICA

GOBIERNO DE GALICIA

MINISTERIO DE CULTURA Y TURISMO

inaem

Asemblea xeral da Rede Galega de Teatros e Auditorios

VENRES 6 | BIBLIOTECA DO SALÓN
TEATRO | 10 h

Presentacións de proxectos escénicos en formato *pitching*

VENRES 6 | MUSEO FUNDACIÓN EUGENIO GRANELL,
SALA DE DIDÁCTICA | 11.30 h

Identifica-t | Galeatro
Os vellos non deben namorarse | Fantoches Baj
Listo para sentenza | Triaterros Grupo de Teatro
SMART, como un teléfono idiota pode volverte idiota | SMART
Manuel de Paderna | Lucecús Teatro
A carapuchiña vermella. O musical | EducaTeatro Producións
Falar sen cancelas | Culturactiva
Gretel e Bela | Teatro da Semente
Canta o Cuco | Uxía e Magín Blanco
Foucellas | Talía Teatro
Palabras malditas | Teatro do Noroeste
Os amores de Jacques o fatalista | Producións Teatráis Excéntricas
Voaxa e Carmín | ButacaZero
Coma e punto | Antagonista Teatro
Na illa branca con Beckett | Carlos Neira e Paula Ballesteros

Colabora:





The background is a solid teal color. On the left side, there are large, abstract, scribbled orange shapes that resemble ink or paint strokes, partially overlapping the text elements.

**GALICIA
ESCENA
PRO**

ESPECTÁCULOS

Feo!

CARAMUXO TEATRO

MARTES 3 | FUNDACIÓN SGAE | SALA 1 | 11.45 h

O ESPECTÁCULO

Caramuxo Teatro presenta un novo espectáculo de pequeno formato, inspirado en *O Parrullo Feo* de Hans Cristhian Andersen.

A pequena fábrica de parrulos de Goma "Il Papero Giallo" produce todos os días centos e centos de parrulos do mesmo tamaño e cor, mais un día sae un parrullo diferente...

Feo! é un canto á diversidade e á esencia dun mesmo, unha comedia para toda a familia.

Autoría: Juan Rodríguez e Laura Sarasola Pontón

Dirección: Laura Sarasola Pontón

Escenografía: Caramuxo Teatro

Iluminación: Suso Jalda

Son: Suso Jalda

Vestiarío: Caramuxo Teatro e Soledad Gómez

Elenco: Juan Rodríguez

Manipulador: Suso Jalda

PÚBLICO FAMILIAR, A PARTIR DE 4 ANOS
TEATRO DE ACTOR
40 MINUTOS

A COMPAÑÍA

Caramuxo Teatro é unha compañía de teatro infantil e familiar nada na Coruña no ano 2003 dirixida por Juan Rodríguez e Laura Sarasola. Traballa, ademais, nunha liña específica na creación de espectáculos para bebés. Caramuxo crea espectáculos poéticos e visuais axeitados para gozar en familia, tendo unha especial responsabilidade co público máis novo.

Desde os inicios mestura diferentes técnicas, teatro de actor, monicreques, danza. A liña de traballo parte duns textos elaborados a partir da experiencia no eido educativo, tratando de ser un referente de producións de calidade, creando espectáculos nos que se consideren aspectos didácticos a nivel cultural ademais do artístico, que consigan a fidelización do público.

CONTRATACIÓN

Laura Sarasola / Juan Rodríguez
 699 521 803
 info@caramuxoteatro.net

www.caramuxoteatro.com



FE

O!

Jim e a Illa do Tesouro

EME2 EMOCIÓN&ARTE

MARTES 3 | FUNDACIÓN SGAE | SALA 2 | 13h

O ESPECTÁCULO

Jim e a Illa do Tesouro é unha peza cunha linguaxe estética moi coidada en que actores e monicreques aparecen en escena nunha simbiose perfecta, chea de acción, de música e arroupada por unha atmosfera que nos traslada inmediatamente a un mundo fantástico e aventureiro.

Música, acción, liortas, humor, piratas desapiadados, piratas parvos, pernas de pau, parches no ollo, papagaios, cancións corsarias, un tesouro agochado, unha illa remota e unha busca chea de aventuras. *Jim e a Illa do Tesouro* conserva todos os elementos que fixeron da peza de Stevenson o maior clásico das novelas de aventuras e unha fonte de inspiración para posteriores filmes, obras de teatro, bandas deseñadas e novelas de temática pirata.

Autoría: Jokin Oregi
Dirección: Álex Díaz Monsalve e Javi Tirado
Tradución: Sandra Romarís e Xocas López
Escenografía e monicreques: Javi Tirado
Iluminación: Anxo Graña
Son: Anxo Graña
Vestiarío: Mari Seoane
Música: Santiago Ramos
Elenco: Rocío González e Toni Salgado
Voz en off: Alfonso Agra
Deseño gráfico: Le Gráfica
Produción: Mercedes Castro

A PARTIR DE 5 ANOS
ACTORES-MONICREQUES
55 MINUTOS

A COMPAÑÍA

Eme2 produción e distribución s.l. constitúese en abril de 2001 como unha empresa dedicada á produción e distribución de espectáculos de artes escénicas. A súa vontade principal é a de distribuír compañías e espectáculos galegos fóra e dentro do país. Por outra banda a creación de Eme2 supuxo unha aposta profesionalizada do sector da distribución das artes escénicas no noso país.

Hoxe por hoxe Eme2 xa é unha empresa consolidada no sector escénico, tanto en Galicia como fóra, á que se lle asocian os valores de teatro galego contemporáneo e de calidade.

CONTRATACIÓN

Julio Perugorría – eme2
 609 457 575
 distribucion@emedous.com

www.emedous.com
 facebook.com/emedous
 Twitter:@emedous



JIM
E A
ILLA
DO TE
SOURO

Noiteboa

REDRUM TEATRO

MARTES 3 | AUDITORIO ABANCA | 17.30 h

O ESPECTÁCULO

Chega o Nadal a Compostela e con el os agasallos, as panxoliñas, as ceas en familia e o xa tradicional rapto do Neno Xesús da praza do Obradoiro.

Ninguén debería cear só en Noiteboa e por iso Mariví fará todo o posible para que, durante unhas horas, Arturo, Nico e máis ela sexan unha familia de verdade.

Autoría: Álex Sampayo e Borja F. Caamaño

Dirección: Álex Sampayo

Escenografía: Suso Montero

Iluminación: Carlos Álvarez-Ossorio

Maquillaxe e perruquería: Chicha Blanco

Elenco: Mela Casal, Ernesto Chao e Guillermo Carbajo

TODOS OS PÚBLICOS

TRAXICOMEDIA

80 MINUTOS

A COMPAÑÍA

Redrum é unha compañía teatral creada en 2009 por mozos procedentes do sector audiovisual que nace coa clara intención de ofrecer alternativas creativas que axuden ao desenvolvemento da industria teatral galega. Apostamos por conxugar grandes valores da nosa escena con novos creadores cunha visión innovadora e arriscada. A nosa primeira montaxe, *A Pensión*, protagonizada por Rosa Álvarez, Guillermo Carbajo e Tamara Canosa, foi un éxito de público e crítica. Co noso segundo espectáculo, *Moito Conto*, fixemos que gozaran nenos e maiores. E na actualidade estamos a percorrer a xeografía galega con *Curriculum Vitae*, un espectáculo de humor que xira en torno ás entrevistas de traballo, e *Roedores*, un espectáculo familiar que trata sobre a igualdade de xénero.

CONTRATACIÓN

Guillermo Carbajo

617 334 627

redrumteatro@gmail.com

redrumteatro.wix.com/noiteboa

www.facebook.com/redrumteatro.noiteboa



NOI TE BOA

Calypso

VOADORA

MARTES 3 | TEATRO PRINCIPAL | 19 h

O ESPECTÁCULO

M, H e J crean a realidade antes de que nos levantemos cada mañá para vela.

Perdemos a realidade cada noite, xusto cando a última persoa de cada poboación dorme.

Primeiro poñen o chan: as lastras, as beirarrúas e o asfalto. Levantan as casas con moito coidado de que todo estea exactamente como estaba onte, porque se non sería confuso para todos.

Farolas... bancos... igrexas, supermercados e colexios.

J é bo en todo isto.

Logo fan os animais, os coches e as persoas. H é bo nisto. El tamén fabrica de novo as plantas e as flores.

E despois meten as persoas nas súas camas e acenden a luz.

M é a mellor con esta parte.

Ás veces teñen moi pouco tempo.

Todo isto teñen que facelo cada mañá.

Autoría: Fernando Epelde

Dirección: Marta Pazos

Escenografía: José Capela

Iluminación: Rui Monteiro

Vestuario: Fany Bello

Música: José Díaz e Hugo Torres

Elenco: José Díaz, Marta Pazos e

Hugo Torres

MAIORES DE 12 ANOS

TEATRO

70 MINUTOS

A COMPAÑÍA

Voadora nace en Compostela en 2007 cunha linguaxe baseada na musicalidade, a irreverencia e a plástica. O seu espírito nómade lévaa a desenvolver os seus proxectos e residencias artísticas entre Portugal e Galicia. Nestes oito anos, a compañía produciu 12 espectáculos deixando que as inxedanzas artísticas marcaran o camiño, procurando sempre a maneira de envolver a artistas, institucións e públicos de diferentes realidades.

A liberdade escénica coa que encara os seus proxectos valeulle unha traxectoria chea de galardóns (Premio da Crítica de Galicia 2013, 3º Premio Nacional para Directoras de Escena, sete premios María Casares...), loanzas e presenza nos festivais máis prestixiosos da península (Almagro, Temporada Alta, Almada, Olmedo, Ribadavia, Fringe, FITEI, FIOT, FITO, FestivAlt...).

CONTRATACIÓN

José Díaz

687 473 994

contacto@voadora.es

www.voadora.es



CA LYP SO

Don Quixote, unha comedia gastronómica

LIMIAR TEATRO

MÉRCORES 4 | FUNDACIÓN SGAE | SALA 1 | 10 h

O ESPECTÁCULO

Alonso, cociñeiro, preparara unha demostración culinaria sobre as bondades da dieta mediterránea. O prato escollido é o "Potaxe de vixilia". O mesmo que lle ofreceron a Don Quixote na súa primeira saída antes de ser armado cabaleiro andante! Alonso converterase en Quixote mentres prepara ese saboroso prato. Un xogo teatral e gastronómico no que o humor e loucura de Don Quixote se encarnarán no corpo de Alonso, dando lugar a unha proposta áxil, saborosa e nutritiva. Alguén quedará sen probar os garavanzos?

Don Quixote é unha comedia na que a través do teatro, a narración oral, a manipulación de obxectos e a cociña en directo se dá vida a esta gastronómica versión da obra de Cervantes no IV centenario da publicación da segunda parte de Don Quixote (2015) e do pasamento do autor (2016).

Autoría: Miguel de Cervantes

Dirección: Nuria Gullón

Mestre cociñeiro: José Manuel Hernández

Dramaturxia: Sergio Macías

Escenografía: Pablo Iriarte e Fran Núñez

ESP: José Manuel Núñez

Iluminación: Fran Núñez

Produción: Cris Alonso e Candy Álvarez

Elenco: Fran Núñez

PÚBLICO FAMILIAR, CON VERSIÓNS PEDAGÓXICAS ESPECÍFICAS PARA PRIMARIA E SECUNDARIA

TEATRO: COMEDIA GASTRONÓMICA

50 MINUTOS

A COMPAÑÍA

Limiar teatro somos unha compañía galega creada en 2009, con sete espectáculos producidos e máis de 300 representacións en España, Francia, Portugal e Brasil dende entón. Limiar é o límite, a fronteira, e por iso a compañía móvese nas fronteiras artísticas, xeográficas e persoais. Exploramos no limiar das artes integrando diferentes disciplinas como teatro, danza, música, teatro de obxectos, cociña ou artes plásticas. Quebramos fronteiras xeográficas con coproducións e xiras fóra de Galicia que nos levaron a estrear seis das sete producións fóra de Galicia e a integración nos equipos de profesionais de España, Francia, Rusia, Brasil e Portugal.

CONTRATACIÓN

CRÉMILLO – Carlos Martínez Carbonell

678 460 559

cmcarbonell@cremillo.es

www.limiarteatro.com



DON
QUIX
ÔTE

Luppo

BAOBAB TEATRO

MÉRCORES 4 | FUNDACIÓN SGAE | SALA 2 | 11.15 h

O ESPECTÁCULO

Luppo é unha historia de sentimentos e emocións, un espectáculo que fala do ciclo da vida, do apego ás persoas, da importancia das historias que construímos ao longo da nosa vida.

Con este espectáculo queremos enxalzar a importancia das relacións humanas independentemente da idade, o máximo que é para os pequenos a influencia dos avós, das avoas, dos veciños maiores, dos tíos e tías... que lles achegan tanta experiencia, tanto coñecemento, tanta paciencia. O peso que ten a relación nenos e nenas coas persoas maiores.

Con *Luppo* apostamos polo respecto aos nosos maiores e a necesidade destas relacións.

Autoría: Andrea Bayer

Dirección: Óscar Ferreira

Escenografía: Óscar Ferreira e Juan Silva

Iluminación: Daniel Abalo

Son: Daniel Abalo

Vestuario: Baobab Teatro

Música: Xosé Liz e Elena Paz

Elenco: Andrea Bayer e Xosé Manuel Esperante

**PÚBLICO
FAMILIAR, A
PARTIR DE 4 ANOS
TEATRO DE ACTOR
E MONICREQUES
50 MINUTOS**

A COMPAÑÍA

Baobab Teatro, creada no ano 2011 da man de Óscar Ferreira e Andrea Bayer, é unha compañía especializada en teatro para nenos e nenas.

A filosofía da compañía é crear espectáculos de máxima calidade, coidando os contidos e a estética, apostando por espectáculos para emocionar, de forte poética e sinxeleza. Temos un compromiso coa infancia e por iso cada proxecto é un novo reto que afrontamos con ilusión.

Premios e mencións: Mención de Honor na III edición internacional de contacontos "Cuento en corto"; *Fíos*, nomeada aos premios MAX 2013 na categoría Mellor Autoría Teatral Galega; *Martes*, espectáculo recomendado pola Red vasca SAREA e pola Red Nacional de Teatros y Auditorios; *O lobo e a lúa*, premio Barriga Verde 2014; *Luppo*, premio ao mellor espectáculo para público infantil efamiliar na XVIII Feria de Teatro de Castilla.

CONTRATACIÓN

Culturactiva scg / Baobab Teatro S.L.
981 582 836 / 600 304 613 / 699 238 687
info@culturactiva.org
contacto@baobabteatro.com

www.baobabteatro.com
vimeo.com/138062388



LUP PO

AIREnoAR

AIREnoAR

MÉRCORES 4 | AUDITORIO ABANCA | 17.30 h

O ESPECTÁCULO

O espectáculo *AIREnoAR* xorde da busca de novas linguaxes artísticas a partir da fusión das diferentes artes.

Baixo a dirección da bailarina e coreógrafa Rut Balbís, os intérpretes María Move e Álvaro Reboredo xeran unha escena de comunicación e interrelación entre o espazo e os corpos a través da fusión das súas disciplinas artísticas: acrobacia aérea (corda lisa) e música (técnica vocal).

Partindo do sinxelo das relación humanas, dous corpos xeran a linguaxe común da danza. Danza que pasa polos diferentes elementos (corda, chan, luz, corpo) como un xogo a través do cal o espectador coñecta coa emocionalidade e delicadeza da historia destes dous personaxes.

AIREnoAR é unha historia de encontro

e desencontro, de busca do equilibrio entre as cordas. O que nos une, o que nos separa do outro, ritmo e xesto das linguaxes non verbais. A poesía nas dinámicas da fisicalidade.

Autoría: Creación colectiva

Dirección: Rut Balbís

Escenografía: Creación colectiva

Iluminación: Alfonso Castro

Son: Alfonso Castro e María Move

Vestuario: Teresa Gutiérrez

Composición musical e son en directo: María Move

Bases electrónicas e gravación: María Move e Guillermo Cortiñas

Fotografía e deseño gráfico: Manu Lago

Elenco: Álvaro Reboredo (interpretación, danza e corda lisa) e María Move (interpretación, danza e voz)

TODOS OS PÚBLICOS

DANZA, CIRCO E MÚSICA EN DIRECTO

50 MINUTOS

A COMPAÑÍA

A compañía *AIREnoAR* nace en 2014 froito da necesidade de materializar un traballo de investigación artística entre os seus dous compoñentes: María Move e Álvaro Reboredo. *AIREnoAR* parte da fusión das disciplinas artísticas: novo circo e música vocal en directo. Este encontro de disciplinas será unha das bases das súas creacións. A través do xogo coa voz, corpo e espazo presentan tipos de expresión e movemento que conforman novas linguaxes e unha maneira única de mostrar a escena. *AIREnoAR* caracterízase pola busca dunha estética na que as imaxes tratadas, polo sinxelo e o insinuador, nos transportan a experiencias persoais, xogando coa fantasía e o imaxinario, evocando a poesía do movemento e as dinámicas da fisicalidade.

Espectáculos: *Almove* (Ágora, A Coruña, Fest.Manicómicos 2014), *AIREnoAR* (Teatro Principal, Santiago de Compostela, 2015), *Adaptación Rúa: Il Festival Internacional Circo Tarifa: FEINCITA 2015.*

CONTRATACIÓN

María Rodríguez Ramos
645 496 375 / 881 031 481
airenoar@gmail.com

www.airenoar.tk
Vídeo teaser: vimeo.com/139514449
Música *AIREnoAR* Soundtrack:
www.mariamove.bandcamp.com



AI REno AR

A cegueira

SARABELA TEATRO

MÉRCORES 4 | TEATRO PRINCIPAL | 19 h

O ESPECTÁCULO

Unha epidemia súbita causa aos habitantes dunha cidade sen nome unha cegueira branca, descoñecida, que se expande de maneira fulminante polo país. Internados en corentena ou perdidos na cidade, os personaxes viven con intensidade o amor, o odio, a crueldade, a indiferenza e o medo.

A epidemia non se detén e os ollos da única muller non afectada serán testemuño excepcional do inferno provocado pola fame, a sucidade, a infamia e a aldraxe sexual.

Fantasia e realidade entretecidas nunha impresionante parábola do tempo que vivimos.

Recuperar a lucidez e rescatar o afecto

son dúas propostas fundamentais desta obra que é, tamén, unha reflexión sobre a ética do amor e a solidariedade.

Autoría: José Saramago

Dirección e dramaturxia: Ánxeles Cuña
Bóveda

Cinematografía: Jorge Coira e Gaspar Broullón

Escenografía: Suso Montero

Iluminación: Baltasar Patiño

Caracterización: Raquel Fidalgo

Vestuario: Fina Calleja

Espazo sonoro: Renata Coddá Fons

Elenco: Vicente Montoto, Fina Calleja, Sabela Gago, Jorge Casas, Fernando Dacosta, Elena Seijo, Nate Borrajo, Josito Porto e Xavier Estévez

ADULTO

DRAMA

90 MINUTOS

A COMPAÑÍA

Neste ano fanse vinte anos da publicación de *Ensaio sobre a cegueira*, para moitos a mellor novela de Saramago, e Sarabela fai trinta e cinco anos de persistencia nas táboas (dez anos como grupo amador) e vinte e cinco anos de profesión. Coincidencias singulares que nos alentan a emprender esta extraordinaria viaxe. A compañía camiña nesta ocasión con S de SARAMAGO, cumprindo así unha arela de hai lustros e botando man da mestría de Jorge Coira e Gaspar Broullón para que a aperta de xéneros sexa aínda maior.

A viaxe a ningunha parte, A Esmorga ou *O lapis do carpinteiro* deixaron unha profunda pegada na nosa historia como compañía e dannos o pulo suficiente para atrevemos cunha escrita de enorme valor literario e teatral, na que se amosa unha realidade moral e cultural con referencias á época contemporánea nunha cidade calquera do mundo occidental.

CONTRATACIÓN

Fina Calleja / María Casar
629 860 580 / 678 601 550
fina.calleja@gmail.com
marialouzara@gmail.com

www.sarablateatro.com



ACT
GUERRA

Unhas poucas picadelas

TEATRO DE NINGURES

MÉRCORES 4 | SALÓN TEATRO | 22 h

O ESPECTÁCULO

Unhas poucas picadelas afonda no terreo da violencia de xénero e, de maneira moi concreta, na violencia que exercen os homes sobre as mulleres. Non hai unha historia concreta, convidándonos a dar cabida a miles de historias reais e anónimas, todas as historias de violencia machista que acaban en asasinato e todas as que, sen morte física, acaban aniquilando vidas.

O detonante da peza é un recorte dun xornal que narra a nova do que foi un asasinato dunha muller por parte da súa parella. Isto deu lugar ao cadro homónimo de Frida Khalo, no que se ve unha muller tendida sobre unha cama co corpo perforado polo coitelo dun home que mira para ela. Destila o título a idea de que “non foi para tanto”; vaia, que non foron máis ca unhas poucas picadelas.

A partir dese elemento, a autora propón unha reflexión directa e intelixente sobre a cuestión, metendo o dedo na chaga de moitos dos tópicos que, por desgraza, seguen a amparar este tipo de comportamentos violentos.

Autoría: Laila Ripoll
Dirección: Etelvino Vázquez
Axudante de dirección: Pepa Barreiro
Tradución: Xosé Manuel Pazos
Escenografía: Pablo Giráldez “O Pastor”
Iluminación: Salvador del Río
Son: Anxo Graña
Vestuario: Julia Abal e Sonia Rúa
Música: Anxo Graña
Elenco: Casilda Alfaro, Machi Salgado e Pepa Barreiro

ADULTO

DRAMA

75 MINUTOS

A COMPAÑÍA

Teatro de Ningures ten, sen ningunha dúbida, o seu mellor aval na longa traxectoria da propia compañía, na súa experiencia no traballo pedagóxico, de investigación e de montaxe de espectáculos teatrais, nos medios técnicos e humanos dos que dispón para desenvolver as actividades que programa, tal e como se pode comprobar nos currículos tanto dos socios como de todos os colaboradores que traballan habitualmente para a compañía.

CONTRATACIÓN

Salvador del Río
 654 464 360
 teatrodeningures@hotmail.com

www.teatrodeningures.com



UNH
AS POU
CAS
PICA
DELAS

Peer Gynt

VIRAVOLTA TÍTERES

XOVES 5 | FUNDACIÓN SGAE | SALA1 | 11h

O ESPECTÁCULO

Adaptación da obra de Ibsen e da composición de Edward Grieg para marionetas de mesa e luva, e trío de violín, clarinete e piano.

Peer Gynt é un mozo fantasioso, aventureiro e un pouco preguiceiro que quere marchar da aldea na que vive para facerse rico e converterse no Rei do Mundo. A súa nai Aase, farta das queixas que lle dan de Peer Gynt os veciños, e a súa paciente noiva, Solveig, queren refrear as súas ansias de aventura... sen moito éxito. Só a través duns estraños soños Peer Gynt chega a comprender que as súas ambiciosas intencións non lle traerán máis que problemas e finalmente decide quedar coa fermosa Solveig na aldea para sempre.

Peer Gynt é unha nova produción de gran formato na que volvemos a

apostar pola maridaxe de marionetas e música clásica. Con estes espectáculos buscamos que os máis pequenos se acheguen á música clásica e contribuír –un chisquiño– ao desenvolvemento da súa sensibilidade estética.

Texto: adaptación da obra homónima de Henrik Ibsen

Dirección: Anxo García

Escenografía: Viravolta títeres e Antón Iglesias

Iluminación: Xulio Balado

Vestuario: Pilar Álvarez

Música: adaptación da obra homónima de Edward Grieg

Interpretación musical: trío de violín, clarinete e piano

Produción: Viravolta títeres

Manipulación: Pilar Álvarez, Xulio Balado e Anxo García

TODOS OS PÚBLICOS, A PARTIR DE 7 ANOS

CONCERTO-TEATRO, ESPECTÁCULO DE MARIONETAS CON MÚSICA EN DIRECTO

50 MINUTOS

A COMPAÑÍA

En 1982 Anxo García, Pilar Álvarez e Xulio Balado formamos a compañía Viravolta títeres. Desde aquela levamos producido máis de 30 espectáculos, cos que temos participado en numerosos festivais, circuitos e feiras, campañas escolares, festivais de música como a "Semana do Corpus" de Lugo ou "Cameralia", de Santiago de Compostela, feiras do libro, festas populares, feiras tradicionais, circuitos culturais, redes de teatro, etc. Ademais da produción e distribución de espectáculos de monicreques, realizamos outras actividades: cursos, exposicións, programacións (Titerentroido, Titirideza e Cantos e contos do Nadal...). Dentro de Viravolta títeres xurdiu outra compañía, Seisdedos, especializada en espectáculos de pequeno formato, adaptados a calquera espazo escénico.

En 1998, con motivo do 15 aniversario da primeira estrea de Viravolta, realizamos unha exposición conmemorativa no Museo Municipal "Ramón María Aller" de Lalín. Esta exposición foi o punto de partida para a creación do Museo Galego da Marioneta, que conta con marionetas, atrezzo, car- teis... e unha biblioteca especializada, unha das máis completas do Estado.

CONTRATACIÓN

Rocío Fernández

630 166 194

info@viravolta.es

viravoltatiteres.com

www.facebook.com/viravolta.titeres

www.flickr.com/photos/viravolta/albums

www.youtube.com/user/viravoltatiteres



PEER GYNT

Panamericana

A PANADARÍA

XOVES 5 | FUNDACIÓN SGAE | SALA 2 | 12.15 h

O ESPECTÁCULO

Panamericana é unha comedia con sabor a guiso tropical. Un musical no que tres actrices interpretan 24 personaxes.

Miranda Celia del Río é unha artista de éxito no seu país, Panamérica, pero a presión da fama fai que fuxa na procura dunha vida mellor. A súa escapada remata na Provincia, unha vila na que se terá que enfrontar ao seu labiríntico e absurdo aparello burocrático, sanitario e financeiro. Unha caricatura na que xa non sabemos se este mundo é como é ou como nós o percibimos.

Panamericana fala dun sistema perverso e dos soños rotos dende unha óptica optimista e divertida. Unha festa teatral de cor, pluma e música.

Creado e interpretado por Areta Bolado, Noelia Castro e Ailén Kendelman

Idea orixinal e texto: Areta Bolado

Música orixinal: Ailén Kendelman

Construción de monicreque: Iria Roibás Esteve

Iluminación: Montse Piñeiro

Deseño vestuario: Uxía P. Vaello

Confección: Vaello

Imaxe gráfica: Noelia Castro

Fotografía: Pilar Abades

Vídeo: Pilar Abades e Illa Bufarda

Asesoría en movemento: Laia Oliveras

Asesoría en manipulación de

monicreque: Alba Grande

ADULTO

**COMEDIA
MUSICAL**

65 MINUTOS

A COMPAÑÍA

A Panadaría homenaxea, co seu nome, ás mulleres que amasan coas súas propias mans alimentos básicos, coma o pan ou o teatro. *PAN!PAN!* e *Panamericana* destacan pola esencialidade de recursos, a música, o humor e o interese por cuestións de xénero. O Premio María Casares para Areta Bolado no ano 2015 vén a recoñecer o fondo interese da compañía polo traballo creativo das súas actrices.

CONTRATACIÓN

Ailén Kendelman Mouzo

626 700 444

apanadaria@hotmail.com

apanadaria.es



PANI
AMERICANA
CANANA

Xoga

ENTREMANS

XOVES 5 | AUDITORIO ABANCA | 17.30 h

O ESPECTÁCULO

Xoga estreouse o 1 de marzo de 2015 no Teatro Colón (A Coruña).

É un espectáculo de danza, con contido didáctico sobre o funcionamento do corpo, dirixido a público familiar e, especialmente, a rapaces e rapazas de máis de tres anos. Conta con guías didácticas para campañas escolares, destinadas a traballar o funcionamento do corpo dun xeito dinámico e divertido con alumnos e alumnas de Educación Infantil e de 1º ciclo de Primaria.

Xoga conta con axudas á produción da Agadic e con axuda dentro do programa de residencias técnicas do Teatro Colón do 2015.

Se te miras ao espello, podes verte por dentro?

Xoga é un espectáculo para descubrir como es e saber de que estás feit@.

Un encontro didáctico que conxuga espazo escénico, audiovisual, música e danza. Diversión, unión e espectáculo. Unha viaxe dende a imaxinación ao coñecemento.

Dirección, creación e interpretación:

Kirenía Celia Martínez e Beatriz Pérez

Deseño gráfico e ilustración: Marta Cuba

Motion Graphics: Isabel Vila

Iluminación: Octavio Mas

Atrezos: Anahí Taraburelli

Fotografía: Francisco Ares e Marta Cuba

Vestuario: Santos Salgado e Compañía Entremans

Espazo sonoro: Ismael Berdei

Técnico vídeo: RTA

Guías didácticas: Estefanía Vázquez e David Seisdedos

Produción e distribución: Artestudio Xestión Cultural

PÚBLICO FAMILIAR, A PARTIR DE 3 ANOS

DANZA

50 MINUTOS

A COMPAÑÍA

Entremans é unha compañía de danza contemporánea creada no ano 2006 por bailaríns cubanos residentes en Galicia. Mantén unha filosofía de traballo grupal onde a creación e dirección artística se realizan xeralmente en colectivo, o que fai que non poida definirse como unha compañía ao uso. Combinan as súas producións con labores formativos, colaboracións teatrais e asistencias coreográficas.

Foi premiada en varias ocasións en diferentes certames. As súas creacións presentáronse en distintos festivais nacionais e internacionais (Cuba, Bélxica, Suecia, Alemaña, Brasil, Italia, Portugal, Hungría...). Entre os seus espectáculos atópanse: *En la cuenca de tus ojos* (2006), *Sí quiero* (2006), *Mapas* (2007), *A medio metro de lo vivido* (2009), *Concerto Desconcerto* (2009), *39 e medio* (2011), *Blondy's Coffee peza soa para dúas mulleres* (2011)... e agora *Xoga* (2015).

CONTRATACIÓN

Fany Vázquez

630 867 712 / 981 131 819

entremans@artestudioxestioncultural.com

www.ciaentremans.com



XO GA



Francisco Ares e Marta Cuba

O principio de Arquímedes

TEATRO DO ATLÁNTICO

XOVES 5 | TEATRO PRINCIPAL | 19 h

O ESPECTÁCULO

Preferimos vivir nun mundo onde aínda é permitido un xesto de tenrura cun cativo aínda que así queden fendas para os abusos ou preferimos unha sociedade de seguridade reforzada que impón o control dos individuos para prever calquera risco? A proliferación dos dispositivos de seguridade fai pensar que a escolla xa está feita. (L. Gallardo)

Vivimos nunha sociedade que vende medo e seguridade ao mesmo tempo (J. M^a Miró)

Nunha piscina municipal, onde rapazas e rapaces aprenden a nadar, vemos medrar a dúbida e a desconfianza diante do, ao parecer, excesivamente cariñoso comportamento dos adestradores que día a día se mergullan na piscina para ensinar aos pequenos e pequenas como manterse a flote.

Non hai certeza, mais a dúbida instálase e medra como un imparábel cancro que fai saltar todas as alarmas.

Autoría: Josep María Miró i Coromina

Dirección: Xúlio Lago

Tradución: Afonso Becerra de Becerreá

Escenografía: Baltasar Patiño

Iluminación: Xúlio Lago e Baltasar Patiño

Vestuario: Susa Porto

Música e espazo sonoro: Anxo Graña

Guía didáctica: José Ramón Iglesias

Mareque

Fotografía e deseño gráfico: Tino Viz / Margen

Vídeo: RTA / Diego Vilar Ortigueira

Axudante de dirección: Diego Rey

Auxiliar de produción: Aleixandre Lago

Técnicos de escena: RTA

Elenco: María Barcala, Toni Salgado,

Alberto Rolán e Marcos Viéitez

ADULTO

**DRAMA
CONTEMPORÁNEO**

80 MINUTOS

A COMPAÑÍA

Teatro do Atlántico fai trinta anos; unha apaixonante travesía escénica con propostas dramáticas de significativos autores como Fassbinder, Ibsen, Lorca, Shepard, Lourenzo, Müller, Yourcenar, Salgueiro, Sanchis, Pinter, McDonagh, Moure, etc., creadores capaces de conmovernos e axudarnos a reflexionar sobre a complexa condición humana ou ao redor de comportamentos sociais do noso tempo.

24 premios, 51 nominacións e 4 consideracións de mellor espectáculo: *Unha primavera para Aldara*, *A raíña da beleza de Leenane*, *A noite das Tribades* e *O Encoro*. Ten participado en diversos festivais: FIT (Cádiz), Fitei (Porto), FIOT (Carballo), Miteu (Ourense), Latinoamericano (Córdoba), Internacional (Caracas), MIT (Ribadavia), Festeixo (Viana), Mostra (Cangas), Mostra (Cee), Autonomías (Madrid), sempre en lingua galega.

CONTRATACIÓN

María Barcala

618 256 424 / 608 380 471 / 981 678 103

teatrodoatlantico@yahoo.es

www.teatrodoatlantico.com



O PRI NCI PIO DE ARQUI MEDES

Presidente

TEATRO DO MORCEGO

XOVES 5 | SALÓN TEATRO | 22h

O ESPECTÁCULO

En plena campaña electoral, coas enquisas vaticinando a derrota electoral do seu partido, o Presidente do goberno e os seus asesores deciden tomar unha iniciativa desesperada: o *Presidente* visitará persoalmente aos votantes nas súas casas para convencelos de que o voten.

Distintas familias recibirán nas súas casas, sen previo aviso, a inesperada visita do *Presidente*: unha familia humilde en situación crítica cos seus membros en paro, unha familia ultraconservadora preocupada pola perda dos valores tradicionais, ou unha familia monoparental antisistema escoitarán de súpeto como soa o timbre da súa porta e diante deles aparece o *Presidente* disposto a convencelos de que a súa opción é a mellor.

Conseguirá o *Presidente* o voto de xente tan variada, darlle a volta ás enquisas e continuar gobernando outros catro anos?

Coñecerán o resultado das eleccións ao final desta comedia electoral de manipulación política: *Presidente*.

Autoría: José Prieto

Dirección: José Prieto

Escenografía: Carlos Alonso

Iluminación: David Deive

Son: Anxo Graña

Vestuario: Carlos Alonso

Música: Anxo Graña

Elenco: Federico Pérez, Celso Parada, Iolanda Muíños, Mercedes Castro e César Goldi

ADULTO

COMEDIA


80 MINUTOS

A COMPAÑÍA

Compañía fundada en 1989 polo actor e director Celso Parada e Isabel Ávila. Mantén a súa actividade ininterrompida desde entón, recibindo premios como os Compostela por *Misterio cómico* e *Doberman*, María Casares por *Lazariño de Tormes*, e sendo finalista en varias ocasións. Realizou importantes montaxes como: *O burgués fidalgo*, de Molière, *Os vellos non deben de namorarse*, de Castelao, *A Gran ilusión*, de Eduardo de Filippo, *Morte accidental dun anarquista*, de Dario Fo, etc. Na compañía traballaron e traballan importantes actores galegos: Iolanda Muíños, Mercedes Castro, Federico Pérez, César Goldi, Maxo Barjas, Luísa Merelas, Santi Prego, X. Estévez, X. Carlos Mosquera "Mos", Carlos Blanco, Paco Campos, Miguel Varela, Mundo Villalustre, Gonzalo Uriarte, E.R. Cunha "Tatán", Pepa Barreiro, Casilda García, Sonia Rúa, Salvador del Río, Miguel Pernas, Elina Luaces, etc. En 2009 convértese en compañía residente do concello de Narón, despois dun amplo percorrido profesional e dunha produción estable.

CONTRATACIÓN

eme2 (Julio Perugorriá)
981 534 134 / 609 457 575
emedous@emedous.com
teatromorcego@gmail.com



PRE
PRESIDENTE
SI
DEN
TE





**GALICIA
ESCENA
PRO**

SHOWCASES

MARTES 3 | SALÓN TEATRO | 22 h
MÉRCORES 4 | SALÓN TEATRO | 13 h

Ulises e a nena durmida

ÁNVELA BLANCO

MARTES 3 | SALÓN TEATRO

0 ESPECTÁCULO

Ulises e a nena durmida é unha sinfonía de corpos, voces e imaxes, inspirada na traxedia grega do heroe Odiseo.

Sacrifican un año de cornos dourados para a deusa Atena. Hai soles máis grandes que este sol. Ulises (mapa oficial). Penélope tece e destécese endurecendo a súa sensibilidade, resistindo, pendurada. Telémaco era dunha materia tan branda que non explotou ao recibir o impacto, S.O.S. Naufraxio de Ulises. Poderosa Circe. Saída da caverna (territorio propio).

En escena, tres espazos: o palacio, a travesía e o divino; lento, errático, e atemporal respectivamente. Cordas, cadeira e un corpo que nunca dorme, espello no que

se reflicten as protagonistas da aventura Homérica, voces secundarias ao heroe tamén afectadas pola longa viaxe, falando da espera, do amor ou da temperatura do seu corpo.

Dirección, interpretación e textos:

Ánxela Blanco

Acompañamento na voz, escrita,

dramaturxia e dirección: Natalie Schaevers

Acompañamento no movemento:

Andrea Quintana

Vestuario: Marcia Edleditsch

Iluminación: Afonso Castro

ADULTO, A PARTIR DE 14 ANOS

DANZA-TEATRO EN CLAVE CONTEMPORÁNEA

60 MINUTOS APROXIMADAMENTE (PEZA EN CONSTRUCCIÓN)

A COMPAÑÍA

Ánxela Blanco é o nome artístico que escollo para comezar a producir e distribuír as miñas creacións escénicas. É unha simplificación, xa que nunca traballo soa: o meu concepto de compañía baséase na aprendizaxe por mestura con outras disciplinas e persoas, ademais das sinerxías e diálogo cos espazos e proxectos dos que participo.

Do feito, destacaría o percorrido de *Fume*, galardoada co premio nacional INJUVE 2012 e ao emprendemento da UdC, así como a evolución de *Olivia necesita verán*, no que resultou ser unha proposta performativa afectada por cada espazo no que xoga. Na primeira mesturamos cinema e danza, logo acrobacias e teatro físico. En *Ulises e a nena durmida* súmanse tamén a voz e a escrita. Esta deriva é un intento de camiñar cara ao territorio propio, agora partindo do mapa da trágica Odisea.

CONTRATACIÓN

Ánxela Blanco

(representada por Createe SC)

637 479 881

titalado@gmail.com

www.tea-tron.com/olivianecesita/blog

www.fume.blogaliza.org



ULI
SES E A
NENA
DURMI
DA



Zugunruhe

ARTESACÍA

MARTES 3 | SALÓN TEATRO

O ESPECTÁCULO

* Zugunruhe (alem.): Zug (movemento, migración) + Unruhe (ansiedade, desasosiego). Comportamento ansioso dos animais migratorios, especialmente paxaros, durante os períodos migratorios.

Zugunruhe é un cadáver exquisito narrativo formado por historias mínimas contemporáneas: un actor interpretando unha *road movie* sobre Ursúa, o conquistador español que buscaba Eldorado; unha muller tentando atopar cobertura para rematar unha conversa de ruptura; outra, xa na trintena, procurando o perfecto filtro de Instagram para a imaxe da felicidade...

Zugunruhe é unha experiencia escénica sobre os mecanismos físicos da memoria, os seus resortes e síndromes contemporáneas: a proxección de desexos e

identidades nas redes sociais, a ansiedade pola procura constante da perfecta imaxe-felicidade...

Zugunruhe é unha peza transmedia, na que, servíndose da actual tecnoloxía, introdúcese ao espectador en diferentes niveis de realidade e interacción (vídeo inmersivo, 360, etc.)

Autoría: ArtesaCía
Dirección: Roi Fernández
Escenografía: Roi Fernández
Iluminación: Héctor Pazos
Son: Roi Fernández
Vestuario: ArtesaCía
Música: Roi Fernández
Elenco: Laura Villaverde, Noemí Rodríguez e Roi Fernández

ADULTO

**PEZA ESCÉNICA
 TRANSMEDIA**

70 MINUTOS

A COMPAÑÍA

ArtesaCía nace do encontro artístico de Roi Fernández (cineasta, artista transmedia, actor) con Laura Villaverde (actriz e creadora escénica). É unha compañía transmedia que bebe da tradición pero con clara vocación híbrida, mesturando live Cinema, video-creación, artes plásticas ou mecánica cuántica.

Formados na ESAD de Galicia e nos EE.UU., estudan e traballan con prestixiosos creadores como Anne Bogart, a SITI Company ou a cineasta Chantal Akerman. Os seus integrantes teñen actuado en escenarios internacionais como Edimburgo (UK), Shanghai, MIT Ribadavia, The Kitchen (NYC), The Dance Theatre Workshop (NYC), Il Interlatin (Puerto Rico), Ill Interlatin (Colombia), Catedral de Sal, Fractal Teatro, 41 Festival Internacional de la Cultura de Tunja, Teatro Matacandelas de Medellín ou Teatro Cadiz de Bogotá (Colombia). Teñen impartido obradoiros a nivel nacional (uVigo) como internacional (Bogotá, Medellín, USA), e coordinado encontros como o 1º Encontro de Novos Creadores Escénicos TRANSCÉNICA na Coruña.

CONTRATACIÓN

Laura Villaverde
 679 943 801
 artesacia@gmail.com

www.artesacia.com
 transcenica.tumblr.com



ZUG UNRU HE

Os amos do mundo

BUCANERO

MARTES 3 | SALÓN TEATRO

● ESPECTÁCULO

Un home rico.

Un home non rico.

Un ser explotador.

Un ser un pouco explotado.

Un triunfador.

Un non triunfador.

Un accidente de avión.

Unha casa perdida nas montañas de Galicia.

Un accidentado e o seu salvador.

Unha convivencia difícil.

Dous homes e un destino.

Unha inesperada camaradaxe.

O ser humano fronte á maquinaria das novas tecnoloxías.

Luces e sombras.

Bucanero.

Teatro.

Autoría: Carmen Blanco Sanjurjo

Dirección: Lino Braxe

Adaptación: Lino Braxe

Escenografía: Bucanero

Iluminación: Is Torrado

Son: Bucanero

Vestuario: Bucanero

Elenco: Pedro Picos e Xosé Bonome

MAIORES DE 14 ANOS

COMEDIA

90 MINUTOS

● COMPañÍA

Fundada por Pedro Picos e Xosé Bonome no ano 2001, levan realizado os espectáculos *Jánsel e Pónsel* (2001), *Tres Notas* (2002), *Se Normal: Vota Substancia Bucanera* (2003), *Por un Millón de Dólares* (2005), *Kungfundidos* (2011), *A delgada liña boba* (2013).

Dirixen os espectáculos de Bucanero: Santi Prego (*Jánsel e Pónsel* e *Tres Notas*), Iolanda Muíños (*Se Normal: Vota Substancia Bucanera*), Lino Braxe (*Por un Millón de Dólares*), Xavier Deibe (*Kungfundidos*), Lino Braxe (*A delgada liña boba*).

Bucanero actuou na Feira da Artes Escénicas de Galicia entre os anos 2001 e 2006, Feira de Teatro de Castilla la Mancha no ano 2006, Feira Garnacha de La Rioja no ano 2003, Semana do humor en Bilbao nos anos 2002 e 2003, Xornadas Gastronómicas de Donosti no ano 2004, Festival de Teatro de Maia (Portugal) nos anos 2004 e 2006, Universidade de Deusto no ano 2003 e nos escenarios máis e menos importantes de Galicia.

CONTRATACIÓN

Héctor Bonome

620 930 202

nenobomba@gmail.com

bucaneroteatro@gmail.com

www.youtube.com/user/Bucaneroteatro

www.facebook.com/#!/pages/Bucanero/

149055095127548



OS
AMIGOS
DO
MUN
DO

STRPTS // episodio I: Mirlo & Rula

COLECTIVO CINEMA STICADO

MARTES 3 | SALÓN TEATRO

O ESPECTÁCULO

No ton dos clásicos da novela negra e cunha estética próxima ao cómic, o espectáculo xira arredor dos poderes ocultos que nos arrodean e que dirixen o comportamento da sociedade.

Narra unha inquietante e sedutora historia entre un home sixiloso (Mirlo) e unha muller soñadora (Rula), que cruzarán os seus destinos nunha fuxida inesperada por culpa dun segredo a voces, unha fuxida tinguida de intriga e sangue nun mundo en desequilibrio coa natureza e os dereitos sociais e ategado de corrupción política.

Cine ao vivo, mais tamén poesía visual, monicreques, teatro de obxectos e de sombras axudan a definir a formulación

escénica deste espectáculo cuxo fin último é facer unha particular exploración do mundo contemporáneo e a súa evolución así como da natureza do ser humano, os medios e a linguaxe.

Autoría: Xosel Díez e Helena Varela

Dirección: Xosel Díez

Debuxo de personaxes: Xabi Varela

Programación Pure Data: João Pinheiro

Escenografía: Nola Rivera

Iluminación: Man Núñez

Son e música: Xosel Díez e Helena Varela

Agradecementos especiais: Katja Vetter (NL) (polo seu patch de audio slice/jockey)

Elenco: Xosel Díez e Helena Varela

**PÚBLICO XUVENIL
E ADULTO**

**CINE AO VIVO
(PERFORMANCE,
TEATRO DE
OBXECTOS,
TEATRO DE
SOMBRA,
MONICREQUES)**

60 MINUTOS

A COMPAÑÍA

Cinema Sticado nace en 2012 co obxectivo de explorar as posibilidades expresivas nas fronteiras entre os campos escénico e audiovisual en combinación con ferramentas que permiten a creación e edición audiovisual en vivo.

Interésalles especialmente traballar un límite paradoxal entre dous extremos: por unha banda, dotar dunha función presencial e evidente aos elementos da representación en vivo (performers, decorados, personaxes, sons, imaxe e tecnoloxía) e, pola outra, manter o fio dunha ficción á que o público –aínda consciente de cómo se está xestando– non poida subtraerse.

O núcleo do colectivo está composto por Xosel Díez –enxeñeiro e creador audiovisual– e Helena Varela –actriz de teatro e cine–, destacando ademais a colaboración do pintor Xabier Varela, que debuxou os personaxes.

CONTRATACIÓN

Xosel Díez

609 649 878

xoseldiez@yahoo.es

cinemasticado.com/gl

tráiler do espectáculo: vimeo.com/120971207



STRPTS //

EPI

SODIO 1:

MIR

LO & RULA

O furancho

IBUPROFENO TEATRO

MARTES 3 | SALÓN TEATRO

O ESPECTÁCULO

Marián Bañobre e Isabel Risco, artistas multidisciplinares, sempre na vangarda do deseño e das últimas tendencias, preséntannos a súa última creación: *O furancho*. Un espazo cargado de “agroglamour” no que se fusionan as tendencias máis “trendies” con elementos propios da máis pura tradición, como os zocos e o pololo. Cada un dos detalles é parte dun todo harmónico configurado a partir de estilismos que sintetizan o pasado co presente, o rural co cosmopolita, o loureiro coas novas tecnoloxías. Dúas mulleres con carácter e desbordante personalidade, que definen á perfección a esencia enerxética e desvergonzada das pallasas: dúas iconas femininas, fonte de inspiración para esas loitadoras que son quen de poñer o mundo patas arriba para lograr que os seus soños se fagan realidade.

Autoría e dirección: Santiago Cortegoso

Movemento escénico: Carmela Bueno

Imaxe: Diego Seixo

Escenografía: Marián Bañobre e Santiago Cortegoso

Iluminación: Salvador del Río

Son: Quito

Vestuario: Marián Bañobre

Música: Radio Cos

Elenco: Marián Bañobre e Isabel Risco

ADULTO

COMEDIA

80 MINUTOS

A COMPAÑÍA

Ibuprofeno teatro está formado por Santiago Cortegoso e Marián Bañobre. Levan producido catro espectáculos: *A filla de Woody Allen* (2010), *Pequenos Actos Pseudarrevolucionarios* (2012), *FITNESS* (2013) e *O Furancho* (2015), que teñen representado en festivais e prazas de moito prestixio (Mostra de Autores Contemporáneos de Alicante, Umore Azoka de Leioa, Festival de MIM de Sueca, etc.).

A liña que define a compañía é a creación propia e orixinal, profundando na procura dunha linguaxe persoal e recoñecible para falar dos temas claves que lle afectan ao ser humano contemporáneo, a través de personaxes que buscan a súa identidade e realización individual nun contexto social globalizado e complexo que non conseguen controlar, o que os leva a situacións absurdas e cargadas dun humor acedo e sarcástico.

CONTRATACIÓN

Santiago Cortegoso, Marián Bañobre
986 102 832 / 696 730 037 / 609 761 840
ibuprofenoteatro@hotmail.es

www.ibuprofenoteatro.blogspot.com



OFU RAN CHO

Abrente

NOVA GALEGA DE DANZA

MARTES 3 | SALÓN TEATRO

O ESPECTÁCULO

Unha fusión entre flamenco e o baile tradicional galego. O primeiro, incluído pola UNESCO na lista representativa do Patrimonio Cultural Inmaterial da Humanidade; o segundo, candidato a ser incluído na mesma. Flamenco e tradicional galego danse así a man para axudar a percorrer un camiño xa transitado polo flamenco.

Cor na escuridade, é música, é danza, é tradición, é a busca e a utilización doutros elementos escénicos como a dramaturxia, a través do papel que cada un dos bailaríns pertencentes a distintos estilos –contemporáneo, flamenco, baile tradicional galego– desempeña no escenario.

O espectáculo é unha viaxe en espiral, un espiral pouco a pouco a quen criamos ser.

Autoría: Jaime Pablo Díaz e Carlos Rodríguez

Dirección: Jaime Pablo Díaz, Carlos Rodríguez e Alberto Velasco

Coreografía: Jaime Pablo Díaz, Carlos Rodríguez e Carmelo Segura

Escenografía: Alberto Velasco

Iluminación: David Pérez Merino

Son: Víctor Tomé

Vestuario: Rosa García Andújar

Música: Pedro Lamas e Luis Miguel Cobo

Elenco: Jaime Pablo Díaz, Carlos Rodríguez, Chisco Feijoo, David Vilariño e José Ángel Capel

TODOS OS PÚBLICOS

DANZA- MÚSICAS TRADICIONAIS

20 MINUTOS

A COMPAÑÍA

Nova Galega de Danza comeza a súa traxectoria coa estrea de *Alento*, o seu primeiro espectáculo, no Teatro de Madrid (La Vaguada) o 8 de maio de 2003. O desexado proxecto dos directores artísticos e coreógrafos Vicente Colomer e Jaime Pablo Díaz, xunto co músico e compositor Xosé Lois Romero, vía por fin a luz despois de varios anos de traballo na sombra.

Fusiona en vivo danza e música de raíz galega. Tradición e vangarda con vocación universal. A incesante inquietude por crear, por manter unha proposta artística singular, sitúa a NGD nun proceso de investigación, de achegamento á danza tradicional máis pura, para reinventarse a si mesma e dar un paso máis na busca dunha danza contemporánea de marcado carácter galego. Espectáculos como *Alento*, *Engado* e *Tradicción*, son unha clara mostra diso.

CONTRATACIÓN

Marisol Pérez García / María Fernández Domínguez

608 581 936 / 616 449 635

fernandezdominguez.maria@gmail.com

marisol@laotrabanda.es

www.novagalegadedanza.com



Non toques os meus círculos

ARTELLO TEATRO

MÉRCORES 4 | SALÓN TEATRO

O ESPECTÁCULO

Segundo a lenda, “non toques os meus círculos” foron as derradeiras palabras do sabio Arquímedes de Siracusa, antes de morrer a mans dun soldado romano, alá polo ano 212 a. de C.

Hai uns meses que Tomás Canalejo, un científico apaixonado polo seu traballo na universidade, foi despedido. Agora reinventábase partindo da máxima do profeta: “se a xente non vai á física, a física terá que ir á xente”.

Cun feixe de obxectos –unha maleta, un ukulele, unha bufanda, un pupo e pouco máis–, o protagonista evoca os escenarios e os sucesos da Siracusa do tempo de Arquímedes e de hoxe en día. Todo acontece en contacto co público e coa

súa complicidade: cambios de personaxes, música siciliana ao vivo... Esta sinxeleza fai que o espectáculo sexa adaptábel a calquera espazo, desde un teatro até un salón doméstico.

Autoría e dramaturxia: Rosa Hurtado e Santi Montenegro

Colaboración dramaturxica: Manuel Pombal e Óscar Codesido

Dirección: Rosa Hurtado

Espazo escénico e iluminación: Santi Montenegro

Vestuario: Suso Montero

Música: Santi Montenegro

Colaboración musical: Ramón Souto

Elenco: Santi Montenegro

TODOS OS PÚBLICOS, A PARTIR DE 10 ANOS

TEATRO

55 MINUTOS

A COMPAÑÍA

A compañía foi fundada en Vigo en 1978 e leva realizado dende entón vinte espectáculos para públicos de todas as idades. Desde a orixe, mantemos como base do noso traballo a creación colectiva.

Da primeira etapa da compañía destacan espectáculos como *Tará-rá-chis-pum* (1978), *A cantante calva* (1981), *Celtas sen filtro* (1983), *Gulliver FM* (1985), *Batea* (1990), etc.

En 1994, Rosa Hurtado e Santiago Montenegro iniciamos unha liña de traballo máis artesanal, integrando nas nosas propostas actores, bonecos, obxectos, sombras, etc. Froito desta etapa son os espectáculos *A do libro* (1995), *Unha de amor* (1999), *Amadís de Algueres* (2002), *De fábula* (2005), *Polgariño* (2008) e *Cinderela Mix* (2011), cos que participamos en numerosos festivais, feiras, redes e programacións para público familiar e escolar.

CONTRATACIÓN

Santiago Montenegro
686 965 273
artello@artello.com

www.artello.com

NON TO
QUE OS
MIUS
CIRCU
LOS



Xurdefet

BERROBAMBÁN

MÉRCORES 4 | SALÓN TEATRO

O ESPECTÁCULO

Calquera día é bo para unha festa, aínda que a túa nai non queira que saias da casa, por se te mollas, por se te ensucias, por se alguén te leva, por se non atopas o camiño de volta, por se...

Unha muller, que foi nena hai algún tempo, volve ao patio da súa casa e lembra un día de festa no que descubriu que os animais tiñan preocupacións moi semellantes ás súas: non querían medrar nunha gaiola, non querían que os insultasen, non querían aburrirse, non querían xogar sen compañía.

Berrobambán volve ao infantil da man de Jacques Prévert, un autor francés do século XX que deu voz poética a quen non a tiña, que escribiu pezas de teatro para persoas de calquera idade e que deixou

a súa pegada na sociedade francesa ata converterse nun clásico recente... e que é case un completo descoñecido en Galicia.

Autoría: Paula Carballeira, a partir de textos de Jacques Prévert

Dirección: Chiqui Pereira

Axudante de dirección: José Campanari

Escenografía: Baltasar Patiño

Iluminación: Baltasar Patiño

Vestiarío: Cloti Vaello

Música: Nacho Sanz

Elenco: Paula Carballeira, Nuria Sanz e Chiqui Pereira

PÚBLICO FAMILIAR, A PARTIR DE 6 ANOS

TEATRO

55 MINUTOS

A COMPAÑÍA

Desde o ano 2000 producimos nove espectáculos para público familiar cun notable éxito de público e cos que participamos en programación de Galicia, España, Portugal, Corea e Canadá. Polo medio, organizamos o *Asteroide B-612*, a primeira programación familiar estable en Galicia, e o *Circo-lar*, unha programación para a Consellería de Cultura.

Neste tempo estreamos catro espectáculos para público adulto. Rimos moito facendo oito videoclips paródicos sobre a vida política galega.

Habitualmente colaboramos con editoras, xornais, salas ou grupos musicais editando textos teatrais, cedés, unidades didácticas, etc. Todo para perseguir a maior difusión posible, porque despois de todos estes anos o único que non cambiou é a seguridade, a confianza, a ilusión e o esforzo que poñemos no noso traballo.

CONTRATACIÓN

Berrobambán

981 573 626 / 695 929 262

info@berrobamban.com

www.berrobamban.com

Berrobambán presenta

Xurdefet

XUR
de **DEFETE**
ET

Manawee

MATRIOSHKA TEATRO

MÉRCORES 4 | SALÓN TEATRO | 13 h

O ESPECTÁCULO

En *Manawee* as matrioshkas escribense unha carta a si mesmas. Unha nota aclaratoria sobre o que xa pasou e non se decataron. Unha explicación sobre aquelas furias, euforias, amores, paixóns e pánicos que pasaban como tornados nos anos da súa infancia. Esa carta que todo neno recibirá de si mesmo no futuro. *Manawee* é un espectáculo para aqueles que albisca grandes cambios.

O concepto do espectáculo

Manawee é un espectáculo de creación contemporánea que xira arredor da emoción destinado a todos os públicos a partir de 8 anos.

Toda impresión verdadeiramente profunda produce un estado de ánimo particular, unha emoción. Esa é a materia que

conforma o noso coñecemento do mundo e decide a nosa relación con el. É o detonante dos nosos sentimentos máis intensos. Pero que sucede cando se apoderan de ti impulsos que non sabes de onde xurdiron, como se chaman nin canto van quedar? Como explicárllelo a esas persoas que tanto insisten en preguntar qué é o que che pasa? Moitas preguntas quedan sen resposta...

Autoría: Matrioshka

Dirección: Uxía P. Vaello

Escenografía: Lorena Conde

Iluminación: Javier Quintana

Son: Javier Quintana

Vestuario: Uxía P. Vaello

Elenco: Anabell Gago, Lorena Conde e Chelo do Rejo

TODOS OS PÚBLICOS, A PARTIR DE 8 ANOS
CREACIÓN CONTEMPORÁNEA
60 MINUTOS APROXIMADAMENTE

A COMPAÑÍA

En 2012 Anabell Gago e Lorena Conde, actrices con ampla traxectoria no teatro galego, propuxéronse establecer unha compañía propia. Así nace Matrioshka, unha compañía coa que poder trazar o camiño para realizar o teatro que elas mesmas desexan ver como espectadoras: pezas contemporáneas, valentes, fermosas, imaxinativas, poéticas, lúdicas e cheas de humor. En 2014 Chelo do Rejo incorporouse á compañía como socia, facendo así de Matrioshka un triángulo equilibrado e perfecto.

Matrioshka iniciou a súa andaina co espectáculo *C'est la vie*, estreado en marzo de 2013 baixo a dirección de Marta Pazos. Dende entón *C'est la vie* xa foi vista por centos de espectadores e foi merecedora dun premio María Casares na súa edición de 2014. En 2015 estrea *Manawee*, o seu segundo espectáculo, destinado a espectadores e espectadoras a partir de 8 anos.

CONTRATAÇÃO

Anabell Gago
 654 598 430
matrioshkateatro@gmail.com

matrioshkateatro.wix.com/matrioshka

trioshka teatro presenta



MA
NA
WEE

mama

Baraka

MAGO XACOBE

MÉRCORES 4 | SALÓN TEATRO

O ESPECTÁCULO

Baraka é a maxia que emana dalgúns lugares, dalgunhas persoas, dalgúns obxectos e de certos momentos. *Baraka* é a sorte providencial que teñen aqueles que superan favorablemente unha situación moi perigosa.

Baraka significa saúde, abundancia e prosperidade. É un poderoso tonificante espiritual que repercute positivamente en todas as dimensións da vida.

O Mago Xacobe presenta o seu novo espectáculo de gran formato cheo de perigos, desafíos, baile, aparicións, desaparicións, sombras chinesas e o ritmo musical dos temas máis actuais que sempre acompañan o seus números. Disposto a difundir

sorte, emocións e maxia por toda Galicia co seu show máis completo e arriscado, agardando superar favorablemente o seu reto artístico máis perigoso.

Autoría: Xacobe Sánchez Carro

Dirección: Xacobe Sánchez Carro

Escenografía: Borja Rubio Somoza

Iluminación: Xacobe Sánchez Carro e Borja Rubio Somoza

Son: Pedro García Bugarín

Vestuario: Ángel Nimó

Coreografía: Mandala Grupo de Baile – Beatriz Viñal González

Elenco: Mago Xacobe, Marta Vazgo, Beatriz Viñal, Pablo Martínez (e/ou bailaríns do grupo, en función das necesidades)

PÚBLICO FAMILIAR

MAXIA

75 MINUTOS

A COMPANHÍA

Xacobe Sanz iníciase no mundo do Ilusionismo aos dez anos. As súas aparicións televisivas a partir de 1995 (en programas de entretemento como *SuperMartes*, *Luar* ou *Pequeno Gran Show* da Televisión de Galicia) convérteno nun dos magos galegos máis destacados, profesión que combina coa de actor en distintas curtametraxes, o serial *Valderrei* (TVG) ou na longametraxe *Mentiras y Gordas*, de Alfonso Albacete e David Menkes. O seu proxecto empresarial dedicado á cultura, Ilusiones Mágicas SL, é premiado polo prestixioso Clube Empresarial ICADE en 2006.

Actualmente compaxina estas facetas coa de produtor artístico do exitoso programa de humor *Land Rober* da Televisión de Galicia.

No que se refire a grandes eventos, ten experiencia na realización do I e II Festival do Humor de Xove e como organizador de Compostela Máxica 2010, ademais de actuar en numerosos actos para empresas, particulares, campañas promocionais, inauguracións, exposicións, *La noche en Blanco* de Madrid, presentación do Bancaja Aspar Team de motociclismo, fin de tempada no Teatro Fígaro Adolfo Marsillach de Madrid...

CONTRATACIÓN

Xacobe Sanz

600 600 023

muchas@ilusionesmagicas.com

ilusionesmagicas.com

magoxacobe.com



BA
RAK
A



Baladas da Galiza imaxinaria, concerto de Uxía e Narf

XOVES 5 | CASA DAS CRECHAS | 00.00 h

Primeiro disco conxunto de Uxía e Narf

“... Entre conversas, encontros e concertos fomos debullando e compartindo a idea dun espazo emocional, que vai alén do puramente xeográfico, que latexa vivo e fértil, no interior de moitas almas espalladas por todo o mundo. Persoas que non beben necesariamente das mesmas fontes culturais, ou que nin sequera son galegas ou de ascendencia galega. Amantes do noso, sen máis. Habitantes da Galiza Imaxinaria.

Pensala desde calquera lugar ou sentimento, ou desde ópticas tan diversas como a curiosidade, a lembranza, a saudade, a esperanza, o descoñecemento, a crítica ou mesmo o desencanto é, dalgún xeito, facela real. Tamén cantala”.

Uxía e Narf

baladas.gal/album/as-baladas-da-galiza-imaxinaria







GALICIA
GALICIA
ESCENA
ESCENA
PRO
PRO





ORGANIZA:



COLABORAN:



fundación **lsgae**

//**ABANCA**

www.agadic.info/galiciaescenapro
www.galiciaescenapro.com